

Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE NÚM. 12/2015.-**

Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE:**


D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

### **CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).


**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.


**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.



## ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta Nº 11/2015 da sesión ordinaria celebrada o día 1 de outubro de 2015.....	páx.4
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de Conta.....	páx.4
3.- Toma de posesión do novo concelleiro do BNG.....	páx.8
4.- Informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín, correspondentes ao terceiro trimestre de 2015. Dación de conta.....	páx.8
5.- Expediente de ordenanzas 2016 .....	páx.9
6.- Modificación do acordo de Anulación do Contrato administrativo de adxudicación da concesión da obra pública consistente na construción dun aparcamento no subsolo do espazo libre existente entre as rúas Calzada, B, Pintor Laxeiro, Z e Avenida Luís González Taboada e subseguinte explotación, adoptado polo Pleno na sesión celebrada o día 27 de agosto de 2015.....	páx.17
7.- Expediente do Regulamento de participación cidadá nas parroquias do Concello de Lalín.....	páx.19
8.- Expediente do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Municipal de Benestar Social.....	páx.22
9.- Expediente da Ordenanza de medio ambiente, limpeza e convivencia do Concello de Lalín.....	páx.23
10.- Mocións de Grupo de Goberno.....	páx.25
10.1.- Moción do grupo de goberno sobre a recuperación para Lalín do conservatorio de música tradicional e folque.....	páx.25
10.2.- Moción do grupo de goberno para a construción en Lalín do Centro de Alta Resolución.....	páx.27
10.3.- Moción do grupo de goberno para a implantación da “moción cidadá” para favorecer a participación dos veciños de Lalín nos plenos municipais.....	páx. 30
10.4.- Moción do grupo de goberno con motivo da marcha estatal contra as violencias machistas do 7 de novembro de 2015.....	páx.32






Lalínmcero


Secretaría Xeral



Concello de Lalín

11.- Mocións do PP.....	páx. 34
11.1.- Moción do PP en relación ao IBI e solicitando a supresión do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalías).....	páx.34
11.2.- Moción do PP para o arranxo definitivo da Roda Leste.....	páx.36
11.3.- Moción do PP para a atención e axuda ás persoas en situación ou risco de exclusión social .....	páx.37
12.- Mocións por urxencia.....	páx.39
12.1.- Moción do BNG para a concreción dun pacto local polo emprego.....	páx.37
12.2.- Moción do BNG relativa a dotar a Lalín dunha ambulancia medicalizada.....	páx.39
12.3.- Moción do BNG relativa á creación dunha oficina cidadá para a adquisición de vivenda.....	páx.41
13.- Rogos e Preguntas.....	páx.43





Lalínkcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Sendo as dez horas do **xoves, día 29 de outubro de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 11/2015 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2015.**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 11/2015 da sesión ordinaria celebrada o día 1 de outubro de 2015. De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

D. José Antonio Rodríguez Fernández pediu que se introducisen as seguintes correccións:

- Páx. 4: o seu segundo apelido era Fernández e non González.
- Páx. 17. Onde dí: irían os pacientes, debía figurar: onde irían os tratamentos como querían.
- Páx. 23. elegancia institucional e non alegación institucional.

No último apartado o *Sr. Secretario* indicou que xa figuraba o concepto de elegancia institucional; se figuraba noutro apartado, era un mero erro gramatical.

Con estas modificacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a dita acta Nº 11/2015 de 1 de outubro, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***



### **3.- TOMA DE POSESIÓN DO NOVO CONCELLEIRO DO BNG.-**

Procédese a efectuar os trámites e a toma posesión do cargo de concelleiro polo grupo do BNG *D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*, logo da renuncia presentada polo concelleiro D. Xosé Manuel Fernández López o día 3 de setembro de 2015, e unha vez recibida a credencial correspondente emitida pola Xunta Electoral Central de data 22 de outubro de 2015.

A estes efectos o *Sr. Secretario* constata a presentación por parte de *D. Francisco Xavier Vilariño Taboada* da declaración de bens e dereitos, dunha banda, e a declaración de actividades pola outra.

Procede de seguido a prometer o seu cargo pronunciando a seguinte fórmula:

*“Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.*

Xa que logo, cumpríndose todos os requisitos establecidos na normativa vixente o *Sr. Alcalde-Presidente* dou posesión do seu cargo como edil deste Concello de Lalín e a todos os efectos legais a *D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*, integrándose de seguido este novo corporativo e tomando asento entre no grupo municipal nacionalista (BNG).

### **4.- INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN, CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2015. DACIÓN DE CONTA.-**

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao terceiro trimestre de 2015.

De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do resultado dos mesmos e das cifras que correspondían a cada apartado resume.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación**:

**Primeiro.-** Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao terceiro trimestre de 2015, emitidos pola Tesourería Municipal.

**Segundo.-** En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

**Terceiro.-** O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao terceiro trimestre de 2015 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 19 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 11



Secretaría Xeral  
días.

**Cuarto.-** O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao terceiro trimestre de 2015 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 4 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 22 días.

## **5. EXPEDIENTE DE ORDENANZAS 2016.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da Memoria-Proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2015. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 26 de outubro de 2015.***

Polo grupo de goberno, a Concelleira Delegada de Facenda ***D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus*** explicou o contido da proposta. No tema do IBI o tipo de gravame de dous pasaba a ser único do 0,46 %. Con elo cumpríase a promesa de cumprir as determinacións de estabilidade orzamentaria, se acometerían as obras previstas e prestaríanse os servizos municipais. Lembrou que pasaba do 0,5 % que foi imposto polo goberno central ao 0,46 %. Con elo o 75 % dos lalinenses verían baixar o seu recibo anual. Destacou tamén que o seu goberno tiña a vontade de aplicar unha maior rebaixa neste imposto, pero a situación económica por agora non o permitía.

Lembrou que se comprobou o parking e se atenderían os servizos.

Doutra banda non entendía a proposta do PP de reducir o tipo de gravame ao 0,40 %, sen explicar que servizos ían deixar de se prestar ou de onde sacarían os cartos para prestar os que se manterían.

Sobre a ordenanza de auga e sumidoiros indicou que se trataba de cumprir o contrato asinado coa empresa concesionaria dos servizos, Espina y Delfin S.L, e baixaría o IPC.

En relación á taxa de ocupación nas vías de uso público, sinalou que había unha nova normativa que entraría en vigor o día primeiro. Había nas terrazas unha rebaixa do 2,50 % nas rúas de primeira, segunda e terceira categoría. Aumentaba de catro a seis o número de sillas, e subían o 0.25 % as de fin de semana e nas tarifas o prezo fixébase por metro cadrado. Todo elo estaba avalado cun informe técnico municipal.

No tema comercial habería un 2,5 % de aumento por m<sup>2</sup>.

En canto á ordenanza de postos e barracas, introducíase que o impago da taxa acarrearía a revocación da licenza; e en segundo lugar, se equiparaba o prezo polos metros cadrados ocupados nas vías de uso público co prezo dos postos na Praza de Abastos.

En canto ao parking municipal, salientou que os prezos que se cobrarían serían asequibles ao público. Habería unha tarifa por minuto de 1 euro na primeira hora e logo 0,40 euros nas seguintes. E nos tres primeiros meses os usuarios terían noventa minutos gratis de uso das instalacións.

Na taxa por uso das instalacións deportivas introducíanse medidas sociais. Así habería un 15 % de rebaixa para os discapacitados e o 50 % nalgúns outros supostos. Créase o bono de tempada para as familias sen recursos e unhas novas tarifa para as pistas de padel, cun incremento do 15 % nos abonos matinais.



Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que os cambios introducidos alteraban a dinámica dos anos anteriores.

En canto ao IBI indicou que habería que dar as altas aos edificios e ser máis xustos. Antes había dous tipos; un xeral e outro que tiña as bonificacións do 60 % para o rural. Antes parecía que se trataba mellor aos ricos que aos pobres.

O tipo de gravame sería xusto se o fose a ponencia de valores en vigor; é dicir, o punto de partida eran os valores catastrais eran xustos; noutro caso, non o eran.

Había no ambiente unha idea falsa de corrixir o déficit e de que se facía unha rebaixa lineal. A realidade era que a proposta era a menos mala posible; o 75 % dos contribuíntes se beneficiaba. Baixaba a media e pagarían menos os que estaban por enriba da mesma; pero os máis baixos pagarían máis.

Puxo catro exemplos de inmobles que supuña para 1 piso o 172 %, un baixo comercial nun 158 % e unha casa rural nun 82 %, todos eles nun prazo de dez anos.

Había que dicir que a ponencia dos valores catastrais feita no ano 2003, e en vigor desde o ano 2004 estaba mal feita. Se non fose así: *¿por que se aplicaba unha bonificación do 60 % no rural?*. Recoñeceu que a suba deste imposto do IBI foi brutal nestes últimos anos para os pisos e baixos de Lalín, en grande parte pola ponencia e polas subas do valor catastral.

Logo había que ver a relación do IBI co orzamento municipal. O PP que propuña o 0,40 % de tipo de gravame, pero tiña que dicir de onde sacarían os ingresos para cubrir esta falta de recursos.

Lembrou, e así o recolle a acta da sesión plenaria do ano 2012, que o BNG presentou unha moción na que o PP e o seu voceiro, *Sr. Román Rodríguez*, rexeitaron esta baixada proposta polo seu grupo, indicando que o contexto daquela non o permitía.

Agora coidaba que se podían facer moitas cousas: aumentar a inspección, dar de altas os inmobles que estean e en suma que tributen todos os inmobles. Con isto e cunha ponencia máis xusta, a moción propoñendo o 0,40 podería ser máis xusta; pero agora mesmo esta situación non se daba.

En canto á taxa de sumidoiros dixo que por fin se aplicaba o que o seu grupo, o BNG, xa veu propoñendo durante varios anos, á hora de aplicar o IPC, dicindo que se podía calcular a media doutro xeito. Agora daba negativo.

Sobre a taxa polo uso do parking, anticipou que nos vindeiros anos non ía ter equilibrio orzamentario este servizo. A postura do BNG estaba clara.



A modo de proposta pediu que a taxa pola utilización de caixeiros na vía públicas se incrementase un 100 % desde 240 euros a 480 euros ano.

En conxunto e a grandes rasgos esta era a valoración que facía o seu grupo.

Desde o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** non estaba de acordo coa proposta. Indicou que parecían buscar igualitarismo establecendo tipos distintos. Algunha proposta non cumpría esta idea e desde logo non respondían á equidade.

No tema da ordenanza do IBI parece que cada grupo vai mudando a súa posición co tempo. A rebaixa proposta ao 0,46 % supuña unha rebaixa para os que estaban por enriba da media desa redución, e unha suba para os que estaban por baixo da media. Iso supuña que os inmobles con valores catastrais máis baixos pagarían máis que os que tiñan valores catastrais máis altos pagarían menos. Non era pois, equitativo.

O 0,46 % aplicaríase a parte das familias con menos patrimonio, as cales pagarían máis. *¿Que vai facer o PP?*. Desde logo faría unha oposición construtiva.



Secretaría Xeral

Sobre a taxa da ocupación das vías públicas, coidaba que primeiro debeu levarse a pleno a ordenanza e logo aprobar as taxas.

A lei de estabilidade orzamentaria pretendía que a xestión dos recursos públicos se faga con criterios de eficiencia. Por iso fixeron a súa proposta.

En relación coas verbas do BNG sobre a ponencia municipal do ano 2003, indicou que cando se elaborou a mesma, chegouse a un punto no debate que o centro catastral se plantou e non se puido tocar. De aí o seu valor actual.

En canto ao incremento do labor inspectora e as altas daqueles inmobles que non figuraban nos padróns, estaban de acordo co BNG; pero hoxe había que adaptarse ao que había.

En canto aos vados, os prezos eran simbólicos.

Estaban de acordo coa proposta do BNG sobre o incremento da taxa para os caixeiros dos bancos.

En canto ás taxas do parking, afirmou que o seu grupo tamén empezou a estudar esta taxa. A proposta presentaba algunhas carencias. Tres meses era moi pouco tempo para aplicar ese desconto. Deberíase ampliar este prazo, lembrando que nos programas dos partidos falábase de gratuidade total.

Desde o grupo de goberno, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que a descrición que facía o grupo popular de Lalín parecía máis ben a sociedade británica de *Charles Dickens* en "Oliver Twist" do século dezaioito.

Desde logo non estaba de acordo coa proposta popular de baixar o IBI ao 0,40, nin coa crítica que se facía ao grupo de goberno pola súa proposta. O grupo de goberno querría baixar máis o tipo, pero neste exercicio desde logo non podía abordalo.

De novo **D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus** dixo que se falaba de xustiza e de equidade, e o certo era que coa baixa do IBI o 75 % dos lalinenses pagarían menos. Sería polo tanto unha xestión eficiente, e o goberno municipal era moi eficiente e había que facer ben os cálculos.

En canto á ordenanza do uso de espazos públicos, dixo que o Concello contaba con persoal limitado. Viña moitas tardes e pediu respecto ao persoal. Cando o PP gobernou no Concello aplicou un tipo máis alto no IBI, algo que estaba aí e podía verse a súa xestión.

Volveu a insistir en que o seu grupo comprou o parking, gastou unha suma importante de recursos. Volveu a preguntar ao PP: *¿Que servizos reducirían ou se verían afectados? ¿Que traballadores despediría o PP coa redución dos seus impostos?*

Amosouse favorable ao incremento da taxa polos caixeiros bancarios na vía pública proposta polo BNG.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que a xustiza que quería aplicar o PP no IBI de aplicar rebaixas lineais como fixo o PP coa lei anterior, non implicaba unha maior xustiza nin equidade. Habería que estudar a proposta do PP do 0,40 %. Desde logo estaba claro que o PP era responsable dos elevados valores catastrais, disparatados en moitos casos que había en Lalín, porque foi o PP quen o aprobou, ou quen emitiu un escrito de conformidade coa dita ponencia.

Sobre as taxas das terrazas amosou a súa preocupación porque as prazas non se repartan entre varios establecementos. É dicir, que tamén sexan do público.

De novo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** insistiu na posición do seu grupo,





Secretaría Xeral  
especialmente no IBI, coidaba que unha parte dos veciños que pagaban por baixo da media do padrón do IBI pagarán máis, e eran aqueles edificios con menor valor catastral.  
Doutra banda entendía que era fundamental ordenar o uso e a utilización dos espazos públicos antes de decidir a concesión das autorizacións e unhas taxas racionais.  
Finalmente indicou que cando o goberno municipal colleu as riendas deste Concello atopouse cun arqueo con máis de tres millóns de euros.  
En canto ás taxas polo uso das instalacións deportivas, non estaba de acordo coas subas.

Antes de pasar á votación, a interventora municipal, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo* indicou que a proposta do BNG, de incrementar nun 100 % as taxas dos caixeiros bancarios que se utilizan desde a vía pública non podía tramitarse porque falta un documento e trámite esencial: o estudo económico financeiro. Por elo pediu que se retirase.

Non obstante o Sr. Alcalde, *D. Rafael Cuíña Aparicio* aceptou que se pospuxera a proposta nacionalista, co compromiso seu traer á vindeira sesión esta proposta para a súa aprobación.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a Memoria-Proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2015, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.


*Votos en contra:* dez (10) do PP.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, o Pleno da Corporación **APROBOU** o expediente e a Memoria-Proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2015, do seguinte tenor:

Ante a proximidade do remate deste exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha contínua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modificar as ordenanzas reguladoras dos seguintes conceptos tributarios e da normativa reguladora de prezos públicos:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.
- Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.
- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros.



- Ordenanza reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.
- Ordenanza reguladora da Taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusiva, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
- Ordenanza reguladora da Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
- Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín.


En consonancia co exposto, considérase necesario modificar o **Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais** coa finalidade de adaptar certas normas a novas necesidades ou prioridades.

Así mesmo, e coa finalidade de regular o réxime de uso e utilización do **Parking Europa**, do que está previsto a súa próxima posta en funcionamento, así como de establecer as tarifas a abonar polos usuarios, é necesario adoptar os acordos relativos ao establecemento do **prezo público a abonar pola utilización do servizo de aparcamento** mediante a aprobación da ordenanza reguladora correspondente.

A proposta de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do **Imposto sobre Bens Inmóbles** prevé a aplicación para o exercicio 2016 dun tipo de gravame para os bens de natureza urbana do 0,46 %. A xustificación desta medida ven dada pola necesidade de cumprir cos obxectos fixados pola Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, aprobada en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución que, tras a reforma aprobada o 27 de setembro de 2011, menciona expresamente como principio que debe inspirar a actuación das Administracións Públicas o de estabilidade presupostaria.

De feito, a Lei 2/2012 contén regras específicas sobre estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira referidas ás Corporacións Locais, definida a primeira como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e a segunda como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao establecido na propia Lei Orgánica e na normativa europea, de maneira que o incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria derivaría na aprobación dun plan económico-financeiro que permita á Corporación local incumplidora reencauzar a súa actividade ao cumprimento do citado obxectivo.

Precisamente co obxectivo de cumprir cos compromisos de gasto que corresponde asumir no vindeiro exercicio e continuar prestando axeitadamente os servizos públicos que se están a desenvolver neste Concello no marco da citada lei, por parte do goberno municipal propónse a fixación do tipo de gravame do 0,46 % para os ben inmóbles urbanos.



Non obstante supoñer unha subida respecto do tipo de gravame contemplado con carácter xeral na ordenanza vixente, sen embargo nos últimos exercicios aplicouse o tipo mínimo do 0,5% aos inmobles de uso non residencial así como aos de uso residencial que pertencen á metade de maior valor catastral do conxunto de inmobles de municipio que teñen dito uso, xa que a ponencia de valores total foi aprobada por este Concello entre o ano 2002 e 2004. Esta medida excepcional imposta polo Goberno, que era de aplicación para os exercicios 2012 e 2013, foi prorrogada para os exercicios 2014 e 2015 mediante a Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e adóptanse medidas tributarias e financeiras, polo que para os inmobles afectados por dita medida o tipo de gravame a aplicar no vindeiro exercicio será inferior ó aplicado nos últimos catro exercicios.

Polo que se refire á modificación proposta respecto da **Taxa polos servizos de distribución de auga e da Taxa de sumidoiros**, as modificacións proxectadas responden aos contratos asinados de xestión de servizos públicos que prevén determinados incrementos anuais. Neste caso, a xustificación da modificación das taxas polos servizos de abastecemento de auga e saneamento ven dada polo contrato asinado coa empresa Espina y Delfín, S.L., no que se prevía unha modificación anual das tarifas aplicables pola prestación destes servizos equivalente ao incremento ou baixada do custo da vida, entendendo como tal o índice interanual de prezos ao consumo determinado polo Instituto Nacional de Estadística.

Respecto destas últimas taxas, propónse actualizalas mediante a aplicación do IPC do período agosto 2014-agosto 2015, cifrado nun -0,4%, segundo datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística, o cal supón unha baixada nun servizo esencial para os veciños de Lalín.

Respecto da **Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa**, a modificación da ordenanza fiscal ven imposta pola oportunidade de adaptala á nova normativa que vai a regular o réxime técnico e xurídico da colocación de terrazas en espazos de uso público que serven de complemento aos establecementos legalizados de hostalería, a cal está sendo obxecto de estudo por parte dos servizos técnicos do departamento municipal de urbanismo, polo que está previsto que se presente ao Pleno para a súa aprobación o antes posible.

Neste sentido, a modificación proposta para a Ordenanza reguladora da citada taxa, supón a adaptación dos seus termos á normativa vixente, introducindo melloras relativas ao réxime de xestión deste tributo; de maneira especial, no que se refire ás tarifas a aplicar, contéplanse as modalidades de uso ou utilización que está previsto introducir na ordenanza xeral reguladora da instalación de terrazas, distinguindo “terrazza convencional”, “terrazza convencional ampliable” e a “ocupación do dominio público con tarimas (con ou sen cubrición)”.

En consonancia co exposto, polo que se refire á terraza convencional, propónse unha baixada do 2,5 % das tarifas vixentes, incrementando, así mesmo, de 4 a 6 o número de mesas que determina a aplicación do incremento do 50 % nas taxas, a demanda do sector. Así mesmo, prevese unha taxa diferenciada para a ocupación na modalidade de “terrazza convencional ampliable” na que, tendo en conta a natureza deste tipo de ocupación, concibida para o seu aproveitamento nas fins de semana, sobre a tarifa determinada para a terraza



Secretaría Xeral  
convencional aplícase o coeficiente de 0,25 para a determinación da tarifa aplicable ás mesas suxeitas a este réxime.

Polo que se refire á proposta de modificación da **Ordenanza reguladora da Taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase**, plantexa a adaptación dos seus termos á normativa vixente, introducindo melloras relativas ao réxime de xestión deste tributo; en particular, respecto do feito impoñible da taxa establécese de maneira expresa que nos supostos de entrada de vehículos ou carruaxes, o feito impoñible realízase aínda nos casos en que non sexa precisa a reserva de vía pública por estar o acceso situado en zona de aparcamento prohibido.

En relación á modificación proposta na **Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica**, a modificación no réxime de ingreso da taxa prevé os supostos de impago que darán lugar á revogación da autorización administrativa; ao mesmo tempo, introdúcese no anexo á ordenanza unha tarifa específica para o local destinado a supermercado na parte nova da praza de abastos, que neste momento está sometido ao réxime de alugamento. O obxectivo da incorporación de dito local é o de darlle uniformidade ao réxime xurídico de uso e utilización da totalidade dos postos e locais ubicados na Praza de Abastos.

A última das modificacións propostas respecto das ordenanzas reguladoras de distintos conceptos afecta á normativa reguladora dos **Prezos Públicos pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín** co obxectivo de fomentar, na medida do posible, medidas de carácter social e, ao mesmo tempo, responder a necesidades puntuais e demandas dos usuarios.

En particular, as medidas propostas de carácter social pódense resumir no seguinte: redúcese o prezo do abono de discapacitados nun 15 % en cada unha das súas modalidades, redúcese nun 50 % o prezo da entrada ás piscinas exteriores para os menores e maiores de 59 anos, contemplándose a maiores un bono de temporada para familias con escasos recursos para o acceso ás piscinas exteriores, que será gratuito, e amplíase de 14 a 16 anos a idade dos usuarios que poden acceder coa tarifa establecida para menores.

Así mesmo, e coa finalidade de dar resposta a necesidades e demandas dos usuarios, propóñense unhas novas tarifas para o desfrute das pistas de pádel, ante a necesidade de dinamizar a actividade; elimínase a cota especial establecida para a actividade de pilates que non tivo demanda, e increméntase o prezo dos abonos matinais nun 15% nas súas distintas modalidades.

En relación co exposto, considérase necesario modificar o **Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais** para adaptalo á demanda dos usuarios, incluíndo unha regulación especial para a utilización das piscinas por parte dos denominados colectivos específicos (ANPAS, colexios, e asociacións e entidades sen ánimo de lucro con fins benéficos-asistenciais); así mesmo, modifícase de 6 a 8 anos a idade dos nenos para acceder só aos vestiarios.



Por último, respecto da necesidade de regular o réxime de uso e utilización do **Parking Europa**, propónse o establecemento do **prezo público a abonar pola utilización do servizo de aparcamento** mediante a aprobación da ordenanza reguladora correspondente. Na citada ordenanza regúlase o réxime de prestación do servizo de aparcamento, establecendo as tarifas por utilización horaria na modalidade de estacionamento rotatorio, tarifándose por minuto consumido segundo a normativa vixente.


Contémplanse, ademais, outras modalidades distintas de utilización do servizo de aparcamento, como o abono mensual ou os vales expedidos para comerciantes que estes poderán facilitar aos seus clientes como medida de promoción do comercio local.

Respecto da aplicación das tarifas propostas pola utilización do Parking Europa, con ocasión da entrada en servizo do mesmo e coa finalidade de poñer en marcha unha campaña promocional e de fidelización dos eventuais usuarios, con **carácter transitorio** establécese que os primeiros 90 minutos serán gratuítos en todo caso. Este réxime transitorio propónse para a súa aplicación no período comprendido entre a entrada en vigor da ordenanza e o día 29 de febreiro de 2016, momento a partir do cal se aplicarían as tarifas establecidas con carácter xeral pola prestación do servizo.

Con base no exposto, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que deben producir os referidos tributos, á equidade e xustiza nos mesmos e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, ordenación, modificación e derogación dos seus propios tributos e prezos públicos, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente o expediente de **modificación das Ordenanzas seguintes**, achegándose a esta Memoria o contido das mesmas:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.
- Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.
- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros.
- Ordenanza reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.
- Ordenanza reguladora da Taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
- Ordenanza reguladora da Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como



Secretaría Xeral

industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

- Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín

**Segundo.-** En relación co anterior, **aprobar inicialmente o expediente de modificación do Regulamento de utilización das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Lalín.**

**Terceiro.-** Por último, **aprobar provisionalmente o expediente de establecemento do Prezo Público pola prestación do servizo de aparcamento no “Parking Europa” mediante a aprobación da súa ordenanza reguladora.**

**Cuarto.-** Que este expediente, que se aproba provisionalmente, sexa exposto ao público polo prazo de trinta días hábiles no departamento de Intervención do Concello, previo anuncio do acordo no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno

**Quinto.-** Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade coa normativa vixente, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

**6.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE ANULACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE ADJUDICACIÓN DA CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO NO SUBSOLO DO ESPAZO LIBRE EXISTENTE ENTRE AS RÚAS CALZADA, B, PINTOR LAXEIRO, Z E AVENIDA LUÍS GONZÁLEZ TABOADA, E SUBSEGUINTE EXPLOTACIÓN, ADOPTADO POLO PLENO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2015.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 22 de outubro de 2015. A Continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior, e Actividade Económica do día 26 de outubro de 2015.

Brevemente **D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus**, concelleira de facenda, explicou o contido do acordo a adoptar que tiña a súa orixe nun recurso presentado polo ORAL contra o acordo adoptado polo Pleno en 27 de agosto de 2015. Cumpría modificalo.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que non entendía o que se propuña outra vez, posto que xa se adoptou un acordo previamente. Entendía que podía pagarse o xa acordado e logo abonarse o IBI aparte. Por elo absteríanse.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuña Aparicio**, indicou que estaba claro o tema. Había unha redución a maiores do importe a pagar acordado.

Indicou que aínda hoxe non dimitiu ninguén por este asunto, lembrando que o goberno actual en vinte minutos conseguiu unha redución do importe inicial a pagar de miles de euros, un aforro de



Secretaría Xeral  
cartos substancial para o Concello.

Desde o grupo popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** pediulle ao máximo mandatario que non insinuase nada e que dixese o que quería dicir dun xeito claro.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que neste asunto conviña poñer luz e taquígrafos. Lembrou que houbo un proceso xudicial complexo, e que o acordo a adoptar agora podía deberse a un erro administrativo. Reiterou que se absterían e que preferían estudalo previamente.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo, o Pleno da Corporación **APROBOU** a Proposta da Alcaldía de data 22 de outubro de 2015, do seguinte tenor:

Visto o escrito presentado pola Deputación Provincial de Pontevedra, e tendo en conta o acordo do pleno da corporación, no que se delegaba polo Concello de Lalín no Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación de Pontevedra (ORAL), das facultades de xestión, liquidación, recadación e inspección de recursos locais, entre outros recursos do IBI tanto en executivo como voluntario, adoptado en sesión extraordinaria do día 12 de maio do ano 2000, así como a sinatura do Convenio entre o Concello de Lalín e a Deputación de Pontevedra do día 8 de xuño do 2000, conclúese que a competencia sobre a xestión tributaria do IBI deste Concello correspóndelle indubidablemente á Deputación de Pontevedra, co que aceptando a alegación realizada pola Deputación corresponde proceder a modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal de Lalín do día 27 de agosto de 2015 sobre a anulación de contrato de concesión de obra Pública consistente na construción dun aparcamento e subseguinte explotación na súa parte dispositiva, punto SEGUNDO apartado 3 e no referido o IBI, quedando este redactado como sigue:

- O seguinte punto a ter en conta, unha vez detraída a cantidade obxecto do reparto de responsabilidades, é solicitar á Deputación de Pontevedra (ORAL) que instrúa o correspondente expediente de compensación, derivada da delegación de xestión tributaria formalizada mediante convenio de data 08/07/2000, do IBI do aparcamento subterráneo ao que este acordo fai referencia dos exercicios 2011 a 2015 sendo as cantidades:



Secretaría Xeral

EXERCICIO	PRINCIPAL	RECARGA	%	CUSTAS	XUROS	INGRESADO	DÉBEDA ACUMULADA (27-8-2015)	ESTADO DO RECIBO
2010	16.895,46	0	0	0	0	16.895,46	0	Cobrado e liquidado ao Concello
2011	17.264,53	3.452,91	20%	3,90	3.250,69	-105,21	23.866,82	Executiva cautelar suspendido
2012	16.848,16	1.684,82	10%	4,13	0	0	18.537,11	Executiva cautelar suspendido
2013	17.605,18	0	0	0	0	0	17.605,18	Voluntaria cautelar suspendido
2014	17.605,18	1.760,52	10%	4,18	0	0	19.369,88	Executiva cautelar suspendido
2015	17.605,18	0	0	0	0	0	17.605,18	Emitido voluntaria
<b>TOTAL</b>							<b>96.984,17</b>	<b>Débeda acumulada a 27/08/2015</b>

Pola súa banda, atendendo ao reparto de responsabilidades habidas entre as partes nun 30% para o Concello e un 70 % para a concesionaria e o persoal ao seu servizo, tal e como se explicou nun punto anterior da proposta que estamos a modificar, o Concello asume en concepto de indemnización un 30 % do custe por IBI dos exercicios 2010 a 2012, xa que neste período de tempo a construción non estivo habilitada para o servizo ao que estaba afecto; derivada da necesidade de legalizar a construción para que a mesma fose conforme o PXOM do Concello de Lalín en aplicación da peza de execución nº 3/09 dimanante procedemento ordinario 77/2004.

Sendo o importe ao que nos estamos a referir:

EXERCICIO	IMPORTE IBI	INDEMNIZACIÓN (30%)
2010	16.895,46	5.068,64
2011	23.866,82	7.160,05
2012	18.537,11	5.561,13
<b>TOTAL</b>		<b>17.789,82</b>

A maiores, tendo en conta a data na que se adoptou o acordo de anulación deste contrato, o Concello acorda indemnizar á empresa por importe de 5.868,39 euros, correspondente ao prorrateo de 4 meses da cantidade de IBI devengado do 2015.

Como consecuencia deste cambio o Pleno da Corporación **ACORDOU** que o **punto SEGUNDO 2 queda redactado como segue:**

**2.- O Concello indemnizará á Concesionaria por todos os conceptos** (incluíndo calquera xénero de indemnización por danos e prexuízos), **o importe total de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS CATRO MIL CINCOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.904.572,35 €)**, abono que se levará a cabo unha vez que sexan firmes en vía administrativa os acordos municipais adoptados e que se acredite a presentación do escrito de desestimento do proceso contencioso en curso pola empresa concesionaria no xulgado correspondente, da seguinte forma:





- O importe de 2.103.015,83 € no prazo máximo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da aprobación deste acordo polo Pleno da Corporación.

- O importe restante, que ascende a 801.556,52 €, nos tres (3) primeiros meses do ano 2016.

O resto do acordo adoptado polo Concello Pleno o día 27 de agosto de 2015 mantense nos seus mesmos termos.

### **7.- EXPEDIENTE DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DA LALÍN.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da Proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2015. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015.***

Previamente o Sr. Secretario indicou que había un erro na transcripción do documento aportado no expediente. Todas as referencia ao sr. Alcalde de aldea debían referirse ao Alcalde de Barrio que é o concepto que emprega o ROF.

Na explicación da proposta, a edil da APAC, ***D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña,*** indicou que era un regulamento que pretendía cambiar o sistema actual de designación de representantes municipais nas aldeas, mediante a súa elección polos veciños, dándolles maior participación nas actuacións municipais cando afectasen a súa parroquia. Empezaba por introducir o sistema de elección nos alcaldes de barrio e nos consellos parroquiais, nas actuacións dos mesmos, e nas relacións co Concello. O modelo era o que se presentaba.

Desde o BNG, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** indicou que a aprobación deste regulamento era unha condición básica pedida polo seu grupo político para alcanzar un acordo de goberno. Coidaba que xa estaba ben de ter comisarios políticos nas aldeas, que ata agora eran escollidos a dedo polo Alcalde, e que tiñan como función controlar e espiar aos veciños, despreocupándose ás veces da realidade da parroquia.

Propuxo a modo de emenda que se introducise un artigo co seguinte texto:

***“Cando nunha parroquia exista unha Asociación de veciños con representación das casas e dos veciños da metade máis uno, a Alcaldía poderá considerar que a representación e as funcións asignadas ao Alcalde de Barrio e ao Consello Parroquial lle corresponda á dita asociación”.***

Por parte do grupo de goberno, o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuiña Aparicio*** dixo que aceptaba en nome do goberno a dita emenda.



Desde o grupo popular, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** dixo que a norma que se presentaba tiña difíciles explicacións e un problema de legalidade, en concreto no artigo 6, apartados 6 e 7.

No primeiro dicíase que: os Alcaldes de Barrio, cando esgoten o mandato, continuarán en funcións ata a elección e nomeamento do novo Alcalde ou Alcaldesa de Barrio.

Sobre isto preguntou ao Sr. Alcalde: *¿por que non fixo o mesmo cando el chegou á Alcaldía e cesou aos Alcaldes?*

Sobre o segundo tema, indicou que no apartado 8, cando di que non poderán permanecer no cargo máis de 8 anos consecutivos tiñan dúbidas da legalidade do mesmo. Por iso pediu que quedase sobre a mesa o expediente e informase o *Sr. Secretario*.

Finalmente rexeitou as verbas do voceiro nacionalista, indicando que non foi así o proceso de elección dos alcaldes de barrio, como contou o dito edil, e destacou que desde o goberno se proferiron insultos e faltas de respecto aos pedáneos.

Falou entón o *Sr. Secretario* que indicou que o expediente presentado non precisa informe de Secretaría. Non obstante participou na redacción do mesmo e ratificaba que o texto se axustaba á legalidade e respectaba a normativa vixente.

Sobre a dúbida en cuestión, sinalou que eran órganos de creación voluntaria polo Concello, non eran órganos básicos ou esenciais, e as condicións e as características dos mesmos cumprían a normativa en vigor. Así o recollería na acta desta sesión.

De novo o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, resaltou que non ía contestar a estas verbas do edil popular. Pero o que si quería deixar claro era que a partires de agora habería novos aires no rural de Lalín e máis democracia.

Sobre as verbas empregadas, sinalou que na loita política ás veces as expresións empregadas eran as propias do xogo político. Así había que entendelas.

Desde logo, esta norma daría un cambio substancial ao sistema que había ata agora de designación a dedo dos pedáneos, das funcións que tiñan e do papel que terían a partires de agora e nas súas relacións co Concello.

De novo o representante nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** amosou a súa grande alegría pola presentación deste regulamento e de que o goberno municipal apostase polo asociacionismo nas parroquias.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** dixo que vía ao PP preocupado diante desta nova norma. O certo era que se ían introducir criterios democráticos na eleccións dos representantes parroquias, alcaldes de barrio e nos consellos parroquiais e que os cambios eran importantes e terían transcendencia no futuro.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** rexeitou que os pedáneos actuasen anteriormente como espías do goberno municipal. Lembrou que cando el chegou á Alcaldía non cambiou a ninguén e seguiron todos. Logo elixíronse en asembleas, ás veces en asembleas a man alzada.

O problema era onde non se elixían. A votación era a man alzada ou nunha reunión nos



Secretaría Xeral  
teleclubes.

Pediu informe do Sr. *Secretario* por escrito.

De nodo **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que era reconfortante e agradeceu o seu traballo aos que participaron na elaboración da norma.

Criticou **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que o Sr. Alcalde dicía unha cousa aquí na sesión plenaria e outra distinta nas redes sociais.

Sometida a votación ordinaria a proposta do grupo de goberno, coa emenda do BNG mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo, o Pleno da Corporación **APROBOU** o expediente e a Proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2015, do seguinte tenor:

O Concello de Lalín tendo en conta a súa extensión territorial e recoñecendo que o rural foi o noso pasado, o noso presente e ten que ser o noso futuro, quere promover a desconcentración territorial en materia de participación cidadá, coa intención de achegar o Goberno Municipal a toda a cidadanía do Concello.

Así, sométese a consideración do Pleno da Corporación Municipal o *Regulamento de participación cidadá das parroquias de Lalín*, regulamento que ten como finalidade regular a elección de xeito democrático e polos veciños dos Alcaldes e Alcaldesas de Barrio de cada parroquia aos efectos de representar á Alcaldía e ao Goberno Municipal na parroquia e de canalizar as inxerencias e reivindicacións dos veciños a estes.


Así mesmo regúlase a creación dos Consellos Parroquiais e das Asembleas Parroquiais como órganos de participación dos veciños da parroquia.

Por último, trátase de impulsar o asociacionismo veciñal para o desenvolvemento de actividades que redunden no beneficio colectivo dos veciños da parroquia.

Por elo, o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

**PRIMERO.-** Aprobar inicialmente o Regulamento de participación cidadá nas parroquias do Concello de Lalín.

**SEGUNDO.-** Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que se poidan presentar reclamacións ou suxerencias ao mesmo. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.



## **8.- EXPEDIENTE DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao *ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015*.

Explicou brevemente **D. Nicolás González Casares** do grupo de goberno que este expediente quedou enriba da mesa na sesión plenaria anterior, á espera de estudar e de introducir uns cambios que a edil popular, *D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey*, pediu que se metesen na norma. Recollidos estes xa, traíase o regulamento a sesión para a súa aprobación.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte (20), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e dez (10) do PP.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* unha (1) do BNG.

Xa que logo, o Pleno da Corporación **ACORDOU:**


**PRIMERO.-** Aprobar inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento do Concello Municipal de Benestar Social.

**SEGUNDO.-** Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que se poidan presentar reclamacións ou suxerencias ao mesmo. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

## **9.- EXPEDIENTE DA ORDENANZA DE MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E CONVIVENCIA DO CONCELLO DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao *ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015*.

Na defensa da moción, a voceira do grupo de goberno, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** explicou a proposta da ordenanza do medio ambiente, soslaido que se trataba dunha iniciativa que tras moitos anos vería por fin a luz. Con ela pretendíase mellorar a calidade de vida dos veciños de Lalín e regular os distintos aspectos que debían observar na súa vida diaria, para ter todos un medio ambiente máis saudable.



Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** destacou que o seu grupo tamén apoiaría esta proposta. Estaba interesado na mesma, e xustificábaa desde todos os puntos de vista, mesmo diante dos posibles actos de gamberrismo que se puideran cometer.

Polo PP, **D. Manuel Fernández López** en relación co anterior voceiro, díxolle: *Quien te ha visto y quien te ve!*

Non estaban de acordo co texto proposto. Tiñan cinco puntos en cuestión da ordenanza cos que estaban en profundo desacordo. En principio a ordenanza suporía un cambio importante e un fastidio para os gandeiros, ademais dun prexuízo para o sector agrogandeiro de Lalín, un sector importante na economía local. Todo isto veríase máis adiante na aplicación da ordenanza.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, destacou que o PP estivo durante dez anos para sacar esta ordenanza e ao final non o fixo. Agora, co novo goberno municipal aprobaríana ao comezo do seu mandato.

De novo **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** resaltou que o borrador da ordenanza entregouno previamente a varios edís para que viran e aportasen ideas. Había aspectos que regular sumamente importantes, como o feito de botar lixo en contedores distintos, o botar puríns nas fosas de xurros ou as distancias a gardar das fosas e granxas respecto das vivendas.

En referencia a este sector agrogandeiro ao que se referiu o voceiro popular, entendía que os gandeiros debían cambiar os hábitos de traballos e adaptarse aos tempos.

Sobre os cinco puntos a falar aludidos tamén polo anterior voceiro, dixo estar aberta a velos, estudalos e debatelos. Tamén sinalou que o asesor xurídico veu a ordenanza, as sancións e os límites. Había aspectos que cumpría regular necesariamente, como era a prohibición de botar lixo nos sitios equivocados, e outras pautas de conduta a corrixir. Rexeitou finalmente que houbera un conflito urbano-rural como se pretendía facer ver.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, en referencia ás verbas do voceiro popular, dixo que o dito edil estaba coma sempre, defendendo o indefendible.

Criticou a postura do PP por votar en contra sen dar un só argumento para elo. Rexeitou que houbera conflito entre as zonas urbanas e a rural. Rematou preguntando: *¿É mellor non ter nada?*

Por alusións **D. Manuel Fernández López** adiantou que no seu día o seu grupo corrixirá este texto que se ía aprobar.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que o voceiro do BNG parecía entregado ao actual goberno, e mesmo defendía o texto proposto con máis vehemencia que o propio goberno.

O texto en discusión parecía máis ben *“un canto ao sol”*. Vaticinou que o seu contido non sería cumprido polos veciños e polos destinatarios da ordenanza.

Lembrou que eles no seu día quixeron facer unha ordenanza para cumprila e aplicala. Agora metían no texto o tema dos gandeiros e das explotacións agrogandeiras.

Reiterou que despois dun ano de aplicación da norma, se verían os resultados.

Doutra banda, había aspectos da mesma que estaban regulados pola Xunta de Galicia e mesmo



Secretaría Xeral

polo propio Estado, como eran as distancias entre as granxas e coas aldeas. O texto da ordenanza municipal quedaba polo tanto moi limitado por estas normativas. Insistiu en que xa se vería o seu grao de cumprimento.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** destacou que o seu labor era facer unha oposición construtiva, como a que facía. O certo era que a oposición do grupo grupo popular non deu un só argumento para opoñerse á ordenanza, e levou moito tempo con este tema sen sacalo adiante.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que o voceiro do BNG actuaba como “oposición da oposición”.

No uso da palabra, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** afirmou que aprobar esta ordenanza era facer un acto de valentía. Había que darlle unha volta ao rural e a outros lugares. Así mesmo había que actuar coordinadamente coa normativa da Xunta de Galicia. Existían áreas a regular, como era o tema dos verquidos, o botar o lixo nos contedores axeitados, as campañas para educar á xente, insistindo nilo especialmente, e finalmente poñendo multas aos infractores. Había que traballar para conseguir un cambio de mentalidade dos veciños. Por isto viña a reforma medioambiental que suporá a aplicación da ordenanza.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo, o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

**PRIMERO.-** Aprobar inicialmente a Ordenanza de medio ambiente, limpeza e convivencia do Concello de Lalín.

**SEGUNDO.-** Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que se poidan presentar reclamacións o suxerencias ao mesmo. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

## **10.- MOCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.-**

### **10.1 MOCIÓN DE GRUPO DE GOBERNO SOBRE A RECUPERACIÓN PARA LALÍN DO CONSERVATORIO DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLQUE.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 21 de outubro de 2015, e rexistro de entrada



Secretaría Xeral  
do día 22 de outubro co número 7219. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015.***

Polo grupo de goberno, ***D. Juan José Cruz García*** destacou que coa moción do grupo de goberno quería involucrar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria neta idea do conservatorio de música folque, que xa funcionou hai algúns anos, e que entendían que debía recuperarse.

Lembrou que o Conservatorio Profesional xa non ten axudas da Xunta de Galicia desde o ano 2011. O Concello afrontaba este servizo. Coidaba que había que retomar esta situación.

Desde o BNG, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** lembrou que xa estivo a favor cando se creou este conservatorio e agora o estaría tamén. Votaría afirmativamente.

Desde o grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** cualificou de despropósito a moción. O obxecto era *“meterlle un dedo nos ollos ao actual conselleiro de cultura, D. Román Rodríguez González”*.

Lembrou que cando houbo en Galicia o goberno bipartito, en tres anos, empezaron a diminuír as achegas. Tamén cumpría dicir que daquela o 90 % por cento dos alumnos eran de fora da comarca.

Lembrou que unha vez trouxeron ao un Director Xeral, nunha época boiante, para ver a instalación e o funcionamento da mesma. Daquela, a Xunta de Galicia tiña cartos. O dito cargo público marchou maravillado ao comprobar do funcionamento do Conservatorio. Pero o problema veu despois, cando empezou o recorte no financiamento. A maiores o outro problema persistía: a meirande parte dos alumnos eran de fora de Lalín.

En suma, a moción non era seria. O seu texto lembráballe o que pasou coa UNED, un servizo abandonado polo Concello.

Coidaba que non se debían pedir á Xunta de Galicia cartos, porque carecía de medios para atender as demandas de toda Galicia; pola contra, coidaba que había que solicitar axuda á Deputación Provincial.

Desde o goberno municipal, o Sr. Alcalde-Presidente, ***D. Rafael Cuiña Aparicio***, dixo que coa recuperación deste conservatorio faríase unha homenaxe ao músico de Lalín xa falecido, *Luis Areán* e a outros músicos. Non se trataba de ir contra ninguén.

Este tipo de centros afastan aos cidadáns dos políticos. O actual Sr. Presidente, e o *Sr. Núñez Feijoo* falou duns orzamentos expansivos para o ano que ven.

Se preguntáramos á cidadanía de Lalín, se apoiaba esta iniciativa, diría que si maioritariamente. Pediu un cambio na dirección do goberno do PP neste eido. Lembrou que non atopou ao Conselleiro de Cultura, *Sr. Román Rodríguez*, cando o buscou, e desde logo non se quería meter un dedo no ollo ao mesmo. De todos os xeitos, coidaba que a xestión do actual Conselleiro debía mellorar algo en relación con Lalín, resaltando as poucas iniciativas que trouxo para Lalín, e lembrando que anteriormente houbo outros conselleiros que trouxeron moito máis para Lalín que o actual conselleiro.

O voceiro do BNG, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** dixo non ter nada máis que dicir.



Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** sostivo que a demagogia era algo inherente á política, en relación coas verbas escoitadas anteriormente. O certo era que o actual conselleiro aterrou hai uns días e non tivo tempo para nada. Había que darlle tempo. Lembrou que con dito conselleiro se afrontou a construción do patio do colexio Xesús Golmar e encargouse o proxecto da Igrexa de Palio, así como o arranxo da pista de Alperiz. Debateu de seguido co actual mandatario sobre a obra de Alperiz.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que o actual conselleiro de Cultura, *Sr. Román Rodríguez Rodríguez*, xa sabía destes temas. Coidaba que el foi hábil en conseguir cousas cando foi Alcalde. E desde logo aconsellou ao actual mandatario que cando quixera conseguir algo, tivese reunións previas e negociase coas persoas competentes e non pedir nunha moción algo como facía coa actual. Non era o procedente. Lembrou que así non actuou el cando era Alcalde. En suma, volveu dicir que a moción non era seria, que había que negociar doutro xeito e con outras formas, polo ben de Lalín, e non tentar facer dano ao Conselleiro de Cultura, *Sr. Román, Rodríguez*, que era o que se buscaba coa moción.

Rexeitou estas verbas o actual alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**. Coa moción quería dar unha homenaxe a algunhas persoas que se interesaron pola música galega e que foron e algún aínda o era, músicos de folque, de música tradicional galega.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* dez (10) do PP.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

No ano 1999 creouse en Lalín o Conservatorio de Música Tradicional e Folque, unha iniciativa que partiu da Asociación Xuvenil Berra de Lalín e que, grazas a Luís Areán e Uxía Pedreira, se puido converter en realidade. Con este proxecto o que se pretendía era encher un baleiro educativo no que á música galega se refire para que, a través dun plan de estudos único e creado dende o propio centro, se puidese chegar a normalizar o ensino desta música.

Linguaxe musical, música tradicional, así como a posibilidade de participar nun combo folque, eran as ensinanzas e posibilidades que se ofrecían neste Conservatorio, ademais de cursos monográficos sobre técnicas ou instrumentos e clases de cultura musical. Un centro que chegou a ser un referente a nivel galego e que permitiu a creación de proxectos musicais de tanto relevo como Nordestinas ou Marful.

Lamentablemente, e a pesar dos seus bos resultados educativos, o centro viuse na obriga de trasladarse a Santiago de Compostela no ano 2008. A falta de financiamento foi o motivo que obrigou aos seus promotores a decidir o cambio de ubicación e a abandonar o Concello de Lalín,





Secretaría Xeral

onde se puxera en marcha a idea e onde fora gañando prestixio.

No Pleno municipal do pasado mes de setembro o portavoz do Partido Popular, José Crespo, arrogouse a “paternidade” deste importante proxecto e boa parte dos méritos polos seus éxitos. Porén, e malia ser Alcalde de Lalín naquela época, non asumiu ningunha responsabilidade no seu peche e traslado a Santiago, do que culpou directamente á falta de implicación económica da Xunta de Galicia, que naquela época estaba dirixida polo PSdeG e o BNG. Tamén acusou á Consellería de Cultura, en mans do BNG, de apoiar a instalación do Conservatorio Folque en Santiago, ao tempo que se negaban eses mesmos apoios para que o proxecto seguise en Lalín.

No ano 2009, en todo caso, produciuse un cambio de Goberno na Xunta de Galicia, que, dende aquela, está dirixida polo Partido Popular. Ademais, en febreiro do ano en curso, tomaba posesión como Conselleiro de Cultura, *Sr. Román Rodríguez*, quen fora concelleiro daquel Goberno municipal que tanto pulara, segundo o *Sr. Crespo Iglesias*, polo mantemento do Conservatorio Folque.

Tendo en conta esta exposición de motivos e os cambios producidos na Xunta de Galicia dende a marcha do noso Concello do Conservatorio Folque, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, a que achegue o financiamento necesario para que o Conservatorio de Música Tradicional e Folque poida recuperar a súa actividade no Concello de Lalín.

2. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, a que dote ao Concello de Lalín de todos os medios loxísticos e operativos para que o Conservatorio de Música Tradicional e Folque poida desenvolver a súa actividade con todas as garantías .

## **10.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA A CONSTRUCCIÓN EN LALÍN DO CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 22 de outubro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 7227. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015.***

Na defensa da moción, o socialista, ***D. Nicolás González Casares*** fixo historia deste expediente. Nun principio o grupo de goberno anterior pensou en construír un hospital, cando na Xunta de Galicia gobernaba o bipartito e este apostaba polo CAR. Para xustificar a súa posición encargou facer un estudio a uns asesores que custou quince mil euros. No mesmo recollíanse algunhas previsións dificilmente entendibles. Por exemplo, metíase no mesmo a poboación de concellos limítrofes e mesmo fora da comarca, como son os concellos de O Irixo, O Carballiño. Finalmente adoptouse facer o CAR. Para elo, no ano 2008, en tempo, o Concello conseguiu mediante a expropiación de terreos cunha cantidade inferior ao seu prezo real os terreos destinados na zona de Feás.

O Concello dicía que non se fiaba e ofertou o terreo detrás do Centro de Saúde.



Secretaría Xeral

A petición do CAR negouse polo goberno. O grupo socialista pediu a aprobación unha moción co CAR e o goberno votou en contra. Os terreos adquiridos foron os que estaban situados no Alto de Vales.

Houbo cambio de goberno e gobernou o PP. Entón daquela deuse vía libre ao CAR.

No ano 2011 o *Sr. Crespo Iglesias* indica que a construción é inminente; pero hoxe no ano 2015 non hai nada ao respecto.

Foi un paso serio e adiante. No ano 2012 contéstase desde a Xunta de Galicia ao Concello que a construción do mesmo estaba vinculada á do Hospital de Pontevedra, “un auténtico disparate”.

No ano 2013 nos orzamentos da Xunta de Galicia había unha partida xenérica, pero non se dicía nada sobre o CAR de Lalín.

Así, atopámonos xa no ano 2015 sen consignación orzamentaria para o CAR. Non obstante si que había que dicir que se construíron os hospitais de Vigo e o de Lugo.

En Lalín o convenio asinado coa anterior conselleira *D<sup>a</sup>. Pilar Farjas*, a día de hoxe non se cumpre. E diso se trataba: de esixir que se cumpra o convenio asinado.

Desde o BNG, *D. Francisco Xavier Vilariño* destacou que este era un tema que viña de vello. Calquera medida que se adoptase para mellorar a situación da sanidade en Lalín sería ben vista, porque cada vez ía a peor.

Desde o grupo popular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, salientou estar de acordo coa parte dispositiva da moción, pero discrepaba esencialmente coa parte expositiva da mesma. Era inxusta a descrición dos feitos que se facía. El persoalmente sabía como se desenvolveron os feitos e ninguén llos podía contar. Diante de todo, sinalou que non quedou outra que facer o que se fixo. O goberno anterior foi aceptando e adoptando os acordos que lle pediron desde a Xunta de Galicia. Primeiro dixo que si ao hospital; e logo, seguindo as indicacións da Xunta de Galicia, apostou polo CAR. Non se sabía como quedaría o expediente e a petición.

Fixo historia deste asunto, dicindo que cando primeiro se falou do tema foi con *D. Manuel Fraga*, nunha conxunción do seu partido en Ourense. Daquela dixo que si ao hospital comarcal. Cando a Xunta de Galicia cambiou de mans o problema foi a financiación. Lembrou que había hospitais como o de Monforte, que se construíu, do que algún alcalde lle comentara ao pouco tempo de abrirse ao público, que faltaban moitos equipos e servizos.

O convenio asinouse estando *D<sup>a</sup>. Carmen Rodríguez* como Secretaria Xeral do SERGAS. O Concello apostou e fixo o que desde a Xunta de Galicia pediron. Dicíase que o CAR dependería de Santiago e tería as mesmas prestacións que un hospital comarcal. Díxose tamén que habería dez millóns de euros nos orzamentos para o mesmo daquela; o Concello, á vista destas noticias, axilizou as expropiacións e conseguiu os terreos.

Logo se dixo que o CAR de Lalín o de Cangas estaban vinculados á construción do Hospital de Pontevedra; que ía no mesmo paquete. O Concello tiña a conciencia de ter ben feitos os deberes. O 80 % dos terreos conseguíronse mediante convenio cos seus propietarios; houbo outros casos que non e houbo que expropiar.

Rematou pedindo ao goberno que negociase o cumprimento do convenio “polas boas”.

De novo *D. Nicolás González Casares* aceptou retirar a parte expositiva da moción. De todos os xeitos quería deixar constancia que a Xunta de Galicia incumpriu o convenio asinado e causou danos ao Concello. Hoxe tiña dez mil metros cadrados e logo expropiou uns quince mil metros cadrados. Despois veu o xustiprezo do Xurado de Expropiación de Galicia que subiu o



Secretaría Xeral

prezo. Con todo o Concello pagou uns trescentos cincuenta e cinco mil euros.

Rematou o debate desde o PP **D. Xosé Crespo Iglesias**. Sostivo que había que esixir o cumprimento do convenio. “Ao mellor se puido negociar mellor”, indicou. Desde logo tiñan a conciencia de ter feito o que se debeu e o que se puido. Aconsellou ao grupo de goberno negociar e tratar este asunto coa Xunta de Galicia amistosamente.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, **APROBOUSE** a moción e o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

**Esixirlle á Consellería de Sanidade que cumpra o convenio de construción dun Centro de Alta Resolución en Lalín.**

### **10.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA A IMPLANTACIÓN DA “MOCIÓN CIDADÁ” PARA FAVORECER A PARTICIPACIÓN DOS VECIÑOS DE LALÍN NOS PLENOS MUNICIPAIS.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 19 de outubro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 7121. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015**.

Previamente o *Sr. Secretario* indicou que esta moción que se debatía formalmente sería unha parte dun regulamento orgánico. No punto 6. había que cambiar a obrigatoriedade que o Sr. Alcalde introduza a moción na orde do día, por proporá ao Sr. Alcalde. En canto ao resto non vía ningún problema de legalidade.

Na explicación da moción o edil delegado de Turismo e Novas Tecnoloxías, **D. Tomás Vilariño Fidalgo**, indicou que o seu grupo político presentou iniciativas similares de participación cidadán nas que se pedían duascentas cincuenta sinaturas dos veciños para traer a debate cuestións que afectaban aos veciños. Con esta medida serían máis transparentes.

Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que presentou en varias ocasións mocións similares que se rexeitaron desde o grupo de goberno daquela. Apoiaría a moción.

Desde o grupo popular, **D. José Antonio Varela Quintela** estaba de acordo en que era só unha parte do regulamento o que se traía. Non obstante prefería que se trouxera todo e non por partes. Absteríanse.

Desde o goberno municipal o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicou que coa moción en debate, o grupo de goberno buscaba dotarse de ferramentas de funcionamento



Secretaría Xeral

democrático. O criterio era ese: aumentar de todos os xeitos a participación dos veciños e a transparencia na labor de goberno.

Tratábase de eliminar as pechaduras municipais e de abrir as portas aos veciños, a pesar do camiño previo que o PP deixou. Aos cidadáns se lles quería incorporar a esta idea e querían estar a ben con eles. A moción era de boa fé.

De novo **D. José Antonio Varela Quintela** pediu que se presentase todo o regulamento e non unha parte. Se fose todo, votarían que si. Pediu tamén que os veciños participasen na comisión especial creada sobre o rueiro.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

O pacto asinado polas forzas políticas que conforman o Goberno de integración de Lalín concede unha especial relevancia ao incremento da transparencia e a participación cidadá no noso ámbito municipal. Para avanzar neste obxectivo irrenunciabile, o documento programático contempla unha serie de medidas destinadas a dotar dun maior protagonismo na vida pública aos veciños e veciñas da vila.

Entre as iniciativas que se propoñen está a elaboración dun regulamento de participación cidadá que recolla os dereitos de información, de petición, de propostas e reclamacións da cidadanía e de consulta popular. Ademais, este regulamento establecerá a creación dun servizo de participación cidadá, un valedor da cidadanía e un Consello Social cuxos membros serán elixidos polo pleno do Concello.

O obxectivo fundamental é que os cidadáns deixen de ser simples espectadores ou obxectos das decisións que se adopten durante o mandato e pasen a convertese en actores principais ou suxeitos activos das políticas municipais, que son precisamente as máis próximas aos cidadáns e as que afectan de maneira máis directa á súa vida cotiá.

Trátase de implantar, paso a paso, un novo xeito de facer política, acorde coas esixencias sociais do século XXI, dándolle voz aos veciños nos foros de debate institucionais para que poidan expresar sen intermediacións de ningún tipo as súas preocupacións, as súas propostas e os seus puntos de vista sobre as cuestións que lles afectan no seu día a día.

Unha das medidas que permitirá avanzar de maneira máis inmediata nesta nova maneira de entender a democracia -máis aberta e participativa- é a Moción Cidadá. A través deste mecanismo de participación, os veciños e veciñas que así o desexen -previo cumprimento duns requisitos básicos- poderán levar unha iniciativa a Pleno para o seu debate e votación municipal. Trátase,



Secretaría Xeral

por expresalo dun xeito gráfico, de que os lalinenses teñan a capacidade recoñecida de converterse no concelleiro número 22 da nosa corporación municipal.

Tendo en conta esta exposición de motivos, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

1. Poñer en marcha a Moción Cidadá como un dos mecanismos destinados a incrementar a participación dos veciños e veciñas de Lalín no debate e na toma de decisións sobre as cuestións que lles afectan de maneira máis directa.

2. Os veciños de Lalín, a título individual ou a través de colectivos constituídos, poderán presentar iniciativas ou mocións para o seu debate plenario. Os promotores da iniciativa tamén terán a posibilidade de defendelas publicamente, comparecendo na sesión plenaria na que se inclúa a proposta.

3. A Moción Cidadá poderá utilizarse para trasladar demandas ao Concello ou a outras administracións públicas, pero deberá cingirse sempre a cuestións que sexan de competencia ou interese municipal. As iniciativas que non cumpran este requisito serán desbotadas de inicio.

4. Para que unha iniciativa poida ser presentada e admitida, a proposta en cuestión terá que vir avalada por un mínimo de 250 sinaturas de persoas empadroadas en Lalín.

5. O Secretario municipal, en colaboración cos departamentos competentes do Concello, será o encargado de ratificar a autenticidade das sinaturas que avalan a proposta mediante a confirmación do DNI e a certificación do empadramento das persoas que sustentan a iniciativa.

6. Os veciños a través da Moción Cidadá propondrá ao Sr. Alcalde incluír a Moción Cidadá na orde do día dalgún dos dous plenos que se convoquen de maneira posterior á súa ratificación por parte da secretaría municipal.


7. Os promotores da Moción Cidadá, no caso de seren varios ou un colectivo constituído como tal, escollerán un único voceiro para defender a iniciativa en pleno. Esta persoa terá un máximo de 10 minutos para expoñer a súa proposta nunha intervención inicial e 5 minutos de réplica, unha vez expresen o seu parecer sobre a cuestión a debate os portavoces dos diferentes grupos municipais con representación na corporación.

8. A aprobación ou rexeitamento da iniciativa proposta correspóndelle, mediante votación, aos membros da corporación municipal.

#### **10.4.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO CON MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS DE MACHISTAS DO 7 DE NOVEMBRO DE 2015.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 6 de outubro de 2015, e rexistro de entrada do día 13 de outubro co número 6981. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015.***





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Na defensa da moción o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** explicou a mesma, resaltando que se viña facendo cada ano e que neste intre era unha forma de loitar contra violencia de xénero.

Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** pediu que se engadira como emenda no punto 1.- A nivel local e de Galicia e; 2.- Instar á Xunta de Galicia.

Desde o grupo popular, **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey** a modo de emenda presentou para a súa incorporación á moción o seguinte:

3.- *O Concello de Lalín comprométese a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio, enfocadas á prevención e á sensibilización da violencia de xénero entre o alumnado.*

4.- *O Concello de Lalín insta á Xunta de Galicia a elaborar un Plan de Igualdade no ámbito educativo, co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero, dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal.*

Sometida a votación ordinaria a moción coas emendas do PP e do BNG, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, o Pleno da Corporación **APROBOU** a moción e as emendas anteriores do seguinte tenor:

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do *Convenio de Istambul* (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, mentres medra a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004.

Por iso, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Ratificar e sumarse ao Manifesto de repulsa e denuncia da violencia de xénero presentada polo Movemento Feminista que se achega á moción.

Invitar á participación da cidadanía lalinense na Marcha do 7 de novembro en Madrid, que sairá dende o Ministerio de Sanidade no Paseo do Prado, as 12:00 horas, ata a Praza de España.

Que o día 7 de novembro de 2015 estea instalada na fachada do Concello unha pancarta



Secretaría Xeral

reivindicativa da loita contra a violencia, que se manterá ata o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero seguindo cos actos da *XIIIª Semana da Non Violencia en Lalín*.

Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento a longo prazo.

Atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.

Sensibilizar contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.

Promover a erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.

Prestar unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, con especial atención á diversidade sexual, á diversidade funcional, a persoas migrantes, en situación de desemprego, e dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.

Fomentar a participación da sociedade civil, especialmente á sociedade de Lalín e á de Galicia, e en particular ás organizacións de mulleres:


- Enviar este acordo á Delegación do Goberno en Galicia para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO\* para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.

- Remitir este acordo á Xunta de Galicia para que adopte as medidas previstas no apartado anterior.

- O Concello de Lalín comprométese a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio, enfocadas á prevención e a sensibilización da violencia de xénero entre o alumnado.

- O Concello de Lalín insta á Xunta de Galicia a elaborar un Plan de Igualdade no ámbito educativo, co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero, dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal.

\*GREVIO (Grupo de persoas Expertas na loita contra a Violencia á muller e a violencia doméstica) que impulsará o seguimento da aplicación do Convenio sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul 2011) nos países asinantes, e que en España entrou en vigor o 1 de agosto de 2014.



## 11.- MOCIÓN DO PP.-

### 11.1.- MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN AO IBI E SOLICITANDO A SUPRESIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍAS).-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 22 de outubro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 7232. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 26 de outubro de 2015.***

Polo PP, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** explicou o contido da moción e como farían a supresión deste imposto. Salióu que agora, en época de crise económica, non tiña moita razón de ser. O seu grupo explicaría o efecto desta supresión e o custo económico cando se presenten neste órgano os orzamentos do vindeiro ano para a súa tramitación. Aproveitou a ocasión para pedir unha sesión extraordinaria que aborde estes orzamentos.

Estaba en desacordo coas verbas do grupo de goberno no sentido de que, reducindo ao 0,4 % o tipo de gravame, faltarían cartos para manter os servizos que se prestaban. O certo era que se poden buscar fondos noutros eidos e no seu día o demostraría. Non obstante coidaba que había cartos extraordinarios; por exemplo, os ingresos extras provenientes do parque eólico singular. Á Intervención municipal correspondíalle buscar eses ingresos a maiores.

Volvendo ao tema do imposto de plusvalías, o seu grupo non sabía o que se recadaba por este concepto; non obstante, agora que as tendencias e a corrente era a de baixar e de suprimir impostos, procedía eliminar este tributo.

Volveu ao debate das ordenanzas fiscais, sostendo de novo que as xentes menos pudentes pagarían o 0,46 % de IBI, e os que máis teñen pagarían menos. Isto non era precisamente o que o actual goberno dicía en campaña electoral.

Sobre a plusvalía salióu que era un imposto inxusto, lembrando que o BNG pediu no seu día o tipo do 0,40 % de IBI, e eles, que gobernaban, non aceptaron. Daquela o tipo de gravame estaba no 0,45 %, e baixaba cada ano unha centésima.


Por alusións o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuíña Aparicio***, indicou que el non se pronunciou sobre algo similar en campaña electoral. Tamén indicou que os datos que dispuña o Concello sobre este imposto de plusvalía viñan do ORAL.

Desde o BNG, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** indicou que se reiteraba no xa dito anteriormente. Faltaba credibilidade no PP para propoñer agora a supresión deste imposto das plusvalías. Volveu reiterar que a finais do anterior mandato o seu grupo propuxo aplicar ese 0,40 % e non se aceptou polo goberno municipal daquela.

A rebaixa lineal propúxose entón e rexeitouse. Hoxe a situación era distinta da que había daquela. O grupo popular si que a propón.

A maiores indicou que os valores catastrais, que se aplicaban no IBI e na Plusvalía, subían un dez por cento cada ano e por disposición do Goberno Central.

Sobre a crítica do voceiro popular aos tramos por baixo e por enriba da media do 0,46 % do IBI indicou que a análise destes datos non era nada fácil. Non podía afirmarse que os que estaban





Secretaría Xeral

por baixo eran das persoas menos pudentes e os que estaban por riba os que tiñan máis ingresos, porque a situación era complexa. Había xente que mantiña propiedades e cobraba pouco; outras persoas non tiñan propiedades e gañaban máis. A casuística non era tan simple.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, salientou que esa afirmación do voceiro era incorrecta. O certo era que, nas transaccións víanse os valores patrimoniais dos inmobles, terreos ou edificios, estaban moi altos.

Desde o grupo socialista, **D. Nicolás González Casares** en referencia aos tres millóns do arqueo, afirmou que moitos deles xa estaban gastados. Foi certo que durante moitos anos, en Lalín recadou moito pola xestión urbanística e actividade de obra. Pasou tamén que se fixeron moitos convenios urbanísticos para conseguir os terreos e acometer obras. Agora cando había que darlles o aproveitamento urbanístico aos veciños, non había xestión e seguramente habería que pagarlles con cartos. En suma o que houbo foi unha actividade realizada xogando con patrimonios dos veciños.

En canto á Plusvalía, había que ver o modo en que se aplicaba. Foi unha das esixencias do pacto de goberno a baixada de impostos, e que fose progresivo.

Sobre o IBI, e as verbas do voceiro **Sr. Crespo Iglesias** dixo que coa medida aprobada as clases baixas pagarían mais. Era unha mentira. Púxose a si mesmo como exemplo, xa que el tiña un salario, pero tiña un piso por baixo desa media, e subiríalle o IBI. Non tiña máis propiedades. Preguntou: *¿De onde sairían os catrocentos mil euros?* Do parque eólico só poderían saír uns trinta ou corenta mil euros máis, respondeu. Facía falta explicar a fonte dos recursos.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** reafirmouse en que era posible baixar o IBI ata o 0,40 %.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, preguntou ao voceiro e membros do grupo popular: Sen sabelo, sen ter datos de onde sairían os cartos, ou dicir que gastos: *¿Atrevédevos a propoñer a supresión do imposto de plusvalía e baixar o 0,40 %?* En política, indicou, había que gobernar e presentar datos para dar alternativas.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, indicou que os valores catastrais tiveron un punto de partida moi alta na ponencia do ano 2003. Agravouse a situación coa subas anuais dos valores por mor da normativa do Estado. Acercouse o entón xefe de persoal a Lalín a falar, e informaron a favor. Repetiu que os valores iniciais foron altos.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que foi imposible conseguir unha maior rebaixa do Catastro dos valores, tras moitas xuntanzas e comunicacións. Non foran nada fáciles as xestións co catastro.

Tamén sentiuse aludido **D. Francisco Xavier Vilariño** que indicou que o PP informou a favor da ponencia.

O Sr. Alcalde, indicou que o debate debeuse facer noutro tempo e non agora. En todo caso os datos que tiña o Concello e que manexaba eran os facilitados polo ORAL.

Rematou este debate **D. Xosé Crespo Iglesias**, preguntando: se fósemos nós os que



Secretaría Xeral  
trouxeran esta proposta de baixar o IBI ao 0,46 %: ¿que dirían de nós?

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

1.- *Manter o tipo de gravame do Imposto de Bens Inmóbeis de natureza urbana no 0,4 %, tal e como figura na derradeira ordenanza municipal publicada o 13 de decembro de 2013, unha vez finalizado o efecto do RDL 20/2011 que obriga a situalo no 0,5 % para os valores catastrais situados por riba da media.*

2.- *Suprimir o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (Plusvalías).*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10) do PP.

*Votos en contra:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

## **11.2.- MOCIÓN DO PP PARA O ARRANXO DEFINITIVO DA ROLDA LESTE.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 22 de outubro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 7233. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 26 de outubro de 2015.**

Polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou o contido da moción. Salientou que esta vía presentaba unha serie de deficiencias por todos coñecida e co fin de arranxalas o seu goberno anterior acometeu as solucións. En conversas coa Deputación Provincial e co Ministerio de fomento elaborouse un convenio polos servizos xurídicos do Concello que quedou pendente de asinar. O mesmo estaba feito e tiña mesmo data de sinatura. A Deputación Provincial acordou por Decreto conceder seiscentos mil euros a Lalín para esta obra. Logo viñeron as eleccións e non se asinou o dito documento.

Lembrou que daquela falara coa actual Consellería de Infraestruturas e Vivenda, Sr<sup>a</sup>. **Ethel Vázquez**, atopando receptividade nas súas verbas.

A Sra. Presidenta da Deputación confirmaba os trescentos mil euros para esta obra, algo que carece de sentido, porque xa estaba concedido en abril deste ano o dobre de cartos para esta obra.

Doutra banda vía lóxico e necesario meter neste convenio ao organismo provincial porque era dona da vía que vai de Lalín a Brántega, que conectaba coa rolda leste; e ao Estado tamén, porque é titular de varias estradas conectadas coa rolda leste.

Rematou afirmando que había que perseguir e loitar para ter un proxecto integral desta rolda leste na súa totalidade, para arranxala integramente e non só dun tramo.

Desde o grupo de goberno, **D. Rafael Cuiña Aparicio** defendeu as xestións feitas polo goberno municipal e por el mesmo. Había cuestións que non son do colexio. O proxecto actual redactouno o técnico municipal, **D. José Varela Calvo**, e para toda a zona en concreto. Coidaba



Secretaría Xeral  
que quedaría ben.

Fixo historia das xestións realizadas diante de *D<sup>a</sup>. Ana Pastor*. Díxolle que a *Intervención* do seu ministerio prohibía toda actuación nunha vía que non fose propiedade do propio ministerio. As posibilidades de conseguir financiamento eran remotas, pois, por non dicir nulas.

En relación coas conversas coa actual Consellería de Infraestruturas, dixo: “Veremos”.

De momento non había nada previsto nos orzamentos, e debería dar uns douscentos mil euros. O goberno do *Sr. Núñez Feijóo* non estaba moito pola labor.

Díxolle a Presidenta da Deputación que o anterior goberno deixou esquilgadas as partidas do orzamento provincial, sen fondos. Tanto a *Sr<sup>a</sup> Ministra*, como a *Sr<sup>a</sup> Conselleira* dixeron que non había fondos e coidaba que na Deputación tampouco había moitos.

Desde o BNG, *D. Fo. Xavier Vilariño Taboada* adiantou a súa abstención, porque aínda que vía as deficiencias da dita vía, o certo era que seguía sen arranxarse, e tiña que estudar as alternativas.

De novo desde o grupo popular, *D. Xosé Crespo Iglesias* díxolle ao Sr. Presidente: “*fágame caso vostede*”. “*Eu son especialista en conseguir axudas e así o demostrarei nos anos en que governei*”, expresou. Criticou a actitude do Sr. Alcalde que en público tiña una visión determinada e manifestábase dun xeito e logo nas redes sociais poñíano como mentireiro.

Lembrou que había outras obras que xa tiñan proxecto como a vía que irá no futuro desde o Polígono Lalín 2000 ata Goiás. Coidaba que o proxecto xa estaba xa feito e sometido a informe ambiental.

Dixo que habería fórmulas de colaboración para meter no mesmo saco á Consellería e ao Ministerio; non obstante, agora non podía determinalas, pero seguro que as había.

O certo era que a actual rolda leste había que arranxala, que soportaba o tráfico pesado dos camións que destrozaba o seu firme. Adiantou que máis adiante demostraría que había fórmulas para facer un convenio con todas as administracións.

Houbo un debate acerca da persoa que falou coa *Sr<sup>a</sup>. Ethel Vázquez*, actual Conselleira de Infraestruturas para que non recibise ao actual Alcalde de Lalín.

O Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuíña Aparicio*, afirmou que o organismo provincial sacou adiante o chamado Plan de Emprego nutrido con fondos dos remanentes que permitiu contratar 34 persoas. Reiterou o que lle indicou a actual Ministra de Fomento, no sentido de que non se podía implicar ao dito ministerio nun convenio cando a estrada non era da súa titularidade e pediulle ao voceiro popular que “lle fixera caso neste asunto”. As xestións estaban feitas e non había outras opcións.

De novo *D. Xosé Crespo Iglesias* afirmou que para Silleda si que houbo cartos para outros fins. Aquí, parece que non chegaban.

Aconsellou ao Sr. Alcalde que pida e busque fórmulas para conseguir arranxar toda a vía.

De novo o Sr. Alcalde dixo que o que se ía facer era a obra, pero non cos oitocentos mil euros iniciais, senón cos douscentos noventa e nove mil, e cun modificado recadado polo técnico municipal, que era para o que chegaba o importe dos cartos.

Por alusións *D. Nicolás González Casares* insistíu en que o goberno municipal pretendía



Secretaría Xeral

acometer cos trescentos mil euros que tiña o tramo da rolda leste próxima ao colexio novo, pero o técnico municipal coidaba que con eses cartos podía facerse todo o tramo que se atopaba en mal estado.

*Sendo as 13:56 horas abandona a sesión a concelleira do grupo popular **D. Eva Montoto Méndez**, quedando dito grupo cun total de nove (9) concelleiros e a sesión cun total de vinte (20).*

*Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo:*

*Que o Alcalde de Lalín se poña de inmediato a negociar coa Deputación de Pontevedra, Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Ministerio de Fomento para que, xunto co Concello de Lalín poida obter o financiamento necesario para acometer o devandito proxecto na súa totalidade, tal e como estaba a facer o anterior goberno.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* nove (9) do PP.

*Votos en contra:* dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

*Abstencións:* unha (1) do BNG.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

### **11.3.- MOCIÓN DO PP PARA A ATENCIÓN E AXUDA ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 22 de outubro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 7231. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de outubro de 2015.***

Polo PP, **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey** explicou o contido da moción. Indicou que cando ela ostentaba a delegación de servizos sociais xa existían unhas normas e estábanse a elaborar outras.

Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilaríño Taboada** indicou que non tiña datos para pronunciarse neste asunto e absteríase.

De novo **D<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey** sinalou que se trataba de regular o acceso de persoas en determinadas situacións de exclusión social ás axudas e á protección dos servizos sociais.

Desde o grupo de goberno **D. Nicolás González Casares** afirmou que estaba de acordo en que había que regular as axudas. Non obstante dixo non entender por que non se fixo isto ata hoxe. O certo era que sempre houbo axudas e propostas, pero: *¿por que non se aprobaron antes unhas normas? ¿É que hoxe é necesaria esta regulamentación e antes non?* A resposta era que polo visto agora era urxente e antes non o era.

Doutra banda entendía que sería necesario regular todas as axudas cun regulamento para facilitar



Secretaría Xeral

aos usuarios o acceso ás mesmas, dándolles a información necesaria. Non era viable esta proposta neste intre e tampouco entendía a urxencia polas razóns antes expostas.

Doutra banda, todo isto había que velo desde o punto de vista económico, sendo conscientes do orzamento vixente e dos cartos dispoñibles.

En resumo, non vía a urxencia agora, nin a inmediatez de aprobar esta normas, cando antes nunca se fixo. Había que velo e estudalo con tempo.

De novo **D<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey** admitiu que non había unha normativa para estas axudas. Non obstante dixo que durante o seu mandato se fixeron cousas nesta dirección, por exemplo na recollida de roupa ou en procurar dar habitación ás persoas que con urxencia o necesitaron. Coa norma proposta tratábase de regular estas axudas e de que ningunha persoa quedase sen as mesmas cando reunía os requisitos, para decidir en cada caso se procedía ou non. Lembrou que se traballou durante moitos anos para adecuar as axudas ás necesidades das persoas.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

*1.- Elaboración dun Regulamento de Axudas Municipais de Inclusión Social con dúas liñas de actuación, unha para sufragar gastos correntes e de mobiliario básico e outra para a mellora da habitabilidade da vivenda.*

*2.- Previsión e consignación orzamentaria específica e suficiente para dar resposta favorable á totalidade das demandas detectadas no Departamento de Servizos Sociais e Municipais.*

*3.- Fixar criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas non periódicas e de carácter extraordinario e finalista destinadas ao pagamento dos gastos das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumilos ordinariamente. Os gastos a cubrir deben ser relativos a gastos de aloxamento, submimistros da vivenda, alimentación e hixiene, produtos farmacéuticos non cubertos polo sistema público de saúde e/ou gastos excepcionais valorados polo equipo técnico de Servizos Sociais, Centro de Información ás Mulleres e Igualdade.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* nove (9) do PP.

*Votos en contra:* dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) da APAC.

*Abstencións:* unha (1) do BNG.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

## **12.- MOCIÓNS POR URXENCIA.-**

### **12.1.- MOCIÓN DO BNG PARA A CONCRECIÓN DUN PACTO LOCAL POLO EMPREGO.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 29 de outubro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7432, presentada ao Pleno por urxencia.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto a favor de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP,



Secretaría Xeral

## ACORDOUSE DITA URXENCIA.

Polo BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** expuxo o contido da mesma. Salientou que o paro en Lalín e na comarca chegaban ata o 18,23 %, cifra elevada, dando cifras dos distintos aspectos desta situación. Indicou que esta situación había que afrontala e coidaba que creando un foro, un lugar de encontro entre todos os sectores afectados, onde se podía debater e ver as opcións e causas e buscar solucións, era un mecanismo na boa dirección. A moción ía por aí, para atopar vías de solución.

Dese o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** amosouse favorable a apoiar a moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* nove (9) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:


Sendo sabedores que as competencias en materia de creación de emprego exceden o ámbito local, defendemos que desde o Concello pódense aplicar e poñer en valor distintas iniciativas políticas en materia de fomento do emprego, abandonando prácticas habituais de deixar o tema da inserción laboral sempre en mans de terceiros axentes, escusándose en que son as Administracións supramunicipais as encargadas de elaborar estas políticas.

Desde o BNG entendemos que isto non debe ser así, o emprego é unha das materias máis importantes que ten que resolver esta sociedade, sabendo que unha situación de paro prolongado pode crear auténticos dramas persoais e sociais.

Nos últimos cinco anos, isto é, desde o ano 2010, o efecto combinado das políticas da Xunta e dos Gobernos do Estado, que foron aplicados os ditados da Troika e a UE, produciu unha redución da poboación ocupada en 6,2 puntos en Galiza, colocando aos galegos no final da táboa estatal de pechacancelas, cando Ceuta, Andalucía e Castela – A Mancha. Uns resultados que contrastan coa merma rexistrada en territorios como Cataluña ou Euskadi, por volta de só 2 puntos. Por tanto este quinquenio do goberno de **Núñez Feijóo** foi un período letal para o emprego, en cantidade e calidade, e tamén para a nosa capacidade produtiva nacional galega.

O dito anteriormente, ven a confirmar o xa prognosticado pola análise da nosa organización de que as políticas de axuste, os recortes cos que se está a saquear ao pobo non producen recuperación, senón a necrose produtiva que fai inviable un desenvolvemento económico sostido e auto-centrado, alén dos xa coñecidos efectos sociais: precariedade, empobrecemento xeneralizado, en definitiva, aumento brutal da pobreza.

Os datos de desemprego resultantes do pasado mes de setembro, sitúan ao noso Concello,



Secretaría Xeral

cun número de desempregados de 1468 persoas, que porcentualmente supón o 18,23%. Unha vez máis, analizando estas cifras, podemos observar que o sector de poboación máis desfavorecido é a mocidade, e ao mesmo tempo son as mulleres as que pasan do ano 2008 ao 2015 a medrar a taxa de paro en máis do 100 % fronte ao 59 % que o fixo en Galiza en un 150% fronte ao 51 % de media galega en maiores de 45 anos.

Se comparamos estes datos cos do mesmo mes do ano 2005 (853 parados) vemos que o paro subiu nos últimos 10 anos en 615 persoas (pasou do 9,28 % ao 18,23 % actual, un incremento de 8,95 %). Por se estas cifras non falaran por si soas temos que engadirlle que tamén é especialmente preocupante a precariedade existente.

A isto temos que engadir toda a xente moza que está a marchar fóra, e cando dicimos fóra, referímonos a outras Comunidades Autónomas e a outros países europeos. En todo caso, non é do noso interese neste caso facer comparanzas con outras vilas ou coa media galega ou estatal, porque o que deben interesarnos son nomeadamente esas 1468 persoas con nome e apelidos polas que temos que traballar para que accedan a un posto de traballo en condicións dignas, e por todas aquelas outras que están traballando fóra por falta de oportunidades no seu pobo.

A práctica desaparición do tecido produtivo e empresarial e cun único movemento marcado pola creación dalgunhas pequenas empresas, basicamente autónomos que buscan unha saída ao desemprego. Unhas empresas, que en moitos casos, están durando moi pouco no tempo cunha flutuación moi elevada que non permite crear tecido.

Por isto, pensamos que todos os esforzos que se realicen neste eido serán benvidos e nunca estarán de máis de cara a conquistar ese ideal do pleno emprego.

É precisamente desde o Concello, que se debe atender e apostar por propostas dirixidas ao sector agro-gandeiro e forestal, promovendo a creación de industrias transformadora e a formación, un plan integral de turismo e medio ambiente, campañas permanentes de comercio, aproveitar o viveiro de empresas como unha ferramenta útil para novos emprendedores, servizos de mellora da calidade de vida, servizos de lecer e animación sociocultural, servizos medioambientais e de protección e conservación do patrimonio, etc.

Sen prexuízo de que o Servizo Galego de Colocación, a AED, os sindicatos, cámaras de comercio, etc, segan a facer a súa labor no eido da formación ou a contratación, o Concello podería cumprir un cometido de coordinar todos estes esforzos para que se sumen todas as sinerxías en positivo. Esta situación entendemos, desde o BNG, que pode ser paliada e é posible revertela mediante a concertación dun Pacto Local polo Emprego, punto de encontro ou partida, onde estarían implicados os colectivos empresariais, sindicatos, organizacións políticas, axentes de desenvolvemento local, etc., para fomentar as ideas emprendedoras que xeneren e possibiliten a creación de postos de traballo, co obxectivo de lograr un xiro esperanzador á crúa e dura realidade que está padecer e vivir Lalín, no que atinxe ao dereito de todos os veciños a un posto de traballo que lles permita acadar un proxecto de futuro para eles e as súas familias.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:



Secretaría Xeral

A posta en marcha dun Pacto Local polo Emprego, conformado por todos os sectores implicados: empresarios, sindicatos, organizacións políticas, etc.

## **12.2.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A DOTAR A LALÍN DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 29 de outubro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7430, presentada ao Pleno por urxencia.

Polo BNG **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** expuxo o contido da mesma.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto a favor de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP, **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

No debate da mesma **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** explicou que a situación en Lalín e na comarca a día de hoxe era notablemente deficitaria. Existía unha ambulancia en Lalín e outra en Silleda. Cando estaban a traballar cumpría que acudisen algunha de fora da Estrada. Por iso presentaba a moción para corrixir este déficit e garantir un mellor tratamento neste servizo de ambulancia.

Por parte do grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** adiantou que apoiaba a moción.

Desde o grupo de goberno **D. Nicolás González Casares** afirmou que o custe de funcionamento da ambulancia supuña a contratación de seis médicos, seis enfermeiros, oito técnicos e demais persoal, unha Uvi móbil, seguro, et..cun total de dezaioito mil euros ao mes e un millón douscentos mil euros. Para o SERGAS dotar unha ambulancia medicalizada para unha localidade era como “facer unha catedral”.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto a favor de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Lalín é a cabeceira dunha ampla comarca que supera os 45.000 habitantes, unha cifra máis que considerable para uns servizos sanitarios totalmente deficientes en todos os aspectos, tanto no servizo de gardas médicas como en urxencias, así como en especialidades e traslados de emerxencia.

Concretamente, no referente aos traslados en ambulancia de enfermos graves e accidentados, especialmente politraumatizados ou persoas que sufriron un infarto, non se entende porque Lalín dispón unicamente dunha ambulancia.





Secretaría Xeral

Mais é certo, que a día de hoxe, Lalín segue contando co triste “privilexio” de ser un dos Concellos da nosa categoría con peor cobertura e asistencia sanitaria do todo o país, alcanzando incluso, a triste cifra de levar 4 anos sen que Protección Civil conte con ambulancia, debido a que carece dela desde maio de 2011, xa que venceu a vida útil coa que contaba despois de 8 anos de servizo.

Esta descenso no número de efectivos, sitúanos nunha realidade moi alarmante ao contar cunha ambulancia soa no noso Concello, e se falamos da Comarca cunha máis radicada en Silleda. É evidente o grao de desprotección coa que contamos diante dunha emerxencia, realidade esta contrastable en múltiples ocasións cando o tempo de resposta é moi superior ao aconsellable, producíndose situacións onde incluso se teñen que desprazar ambulancias doutras comarcas ao estar as outras 2 ocupadas con outros traslados sanitarios.

Tampouco podemos deixar de por en coñecemento público, que o recurso do helicóptero é moi limitado pola súa carga de traballo e en moitas ocasións, que non son poucas, polas circunstancias meteorolóxicas que impiden que poida saír da súa base.

Os propios facultativos que acompañan aos pacientes manifestan que, en moitas urxencias que lles toca asistir, morren os doentes antes de que lles chegue a ambulancia, xa que a única que existe pode estar atendendo outra emerxencia en calquera punto da comarca. escoitar isto de boca dos propios médicos resulta verdadeiramente dramático para quen queira escoitalo, así que xa vai sendo hora de deixar de facer oídos xordos ás necesidades máis vitais dos cidadáns.

Queremos lembrar que en caso de urxencia, ten que desprazarse un médico do centro e saúde, sexa de consulta ordinaria ou do PAC, quedando desatendido o propio centro.

Diante desta situación tan desoladora, desde o BNG, entendemos que é prioritario mellorar esta cobertura, polo que propoñemos para o noso Concello unha ambulancia medicalizada cuxo equipamento e dotación permite prestar asistencia médica in situ a pacientes críticos, no menor tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para a realización de manobras de soporte vital avanzado (SVA).

O equipo humano que integra cada ambulancia asistencial de soporte vital avanzado (AA-SVA) consta de: un médico con formación específica en urxencias e emerxencias, un diplomado en enfermería con formación específica, un condutor técnico e un axudante técnico en transporte sanitario.

Estas ambulancias prestan servizo as 24 horas, os 365 días do ano, e están en contacto permanentemente coa Central de Coordinación de Urxencias de Galiza – 061.

O obxectivo das AA-SVA é garantir unha atención de calidade, prestando asistencia/monitorización de pacientes críticos, tanto in situ como durante o traslado ao centro sanitario, en situacións de urxencia e emerxencia.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:



Secretaría Xeral

Solicitar da Consellería de Sanidade que dote a Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada con todos os elementos e persoal técnico necesarios para garantir un rápido traslado a Santiago de pacientes e accidentados graves.

### **12.3.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA OFICINA CIDADÁ PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 29 de outubro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7431, presentada ao Pleno por urxencia.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto a favor de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP, **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

Polo BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** expuxo o contido da mesma.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** adiantou que se absterían. Consideraban interesante esta moción coma a anterior, pero presentándose por urxencia, e sen tempo para estudalas e debatelas no seu grupo, non podían apoiala.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* nove (9) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Desde o BNG entendemos que mercar unha vivenda non é unha decisión menor senón que é unha das decisións máis importantes e complexas que unha persoa vai facer ao longo da súa vida: non hai marxe para erros e, moito menos, para enganos.

A loucura urbanística vivida en todo o territorio estatal dende o ano 1996, e en especial no noso Concello, fainos pensar na necesidade de avanzar nos servizos urbanísticos que se prestan dende o Concello. Do mesmo xeito, estamos convencidos que situacións de extrema gravidade que se produciron ao longo dos últimos anos en Lalín, como pode ser o caso de *Construsilva*, evitaríanse coa posta en marcha deste mecanismo de información.

Propoñemos polo tanto, a creación dunha Oficina Cidadá de asesoramento urbanístico que sexa pioneira, técnica e cunha elevada vocación de servizo. O lugar ao que todo veciño acudirá a informarse cando pense en comprar vivenda e que conte coas seguintes competencias:



Secretaría Xeral

- **Os custes da compra:** Todo veciño, antes de comprar, debe poder acudir a esta Oficina onde o informarán dos custes máis descoñecidos de toda operación inmobiliaria e que soen supor entorno a un 11% do prezo de compra.

- Fiscais: non se trata de xestionar o pago dos impostos (para iso están as xestorías notaría e bancos), senón de que todo veciño saiba que a compra de vivenda está suxeita a Imposto de Actos Xurídicos e IVE no caso de compra de primeira vivenda a promotor e ITP no caso de compra de segunda vivenda a un particular.

- Notariais e rexistros.

- Bancarios: comisión de apertura e cancelación, tipos fixos e variables, o concepto do euribor, as cotas mensuais, a % de financiamento (normalmente o 80% do valor de compra) e aos criterios de risco habituais (a cota hipotecaria non deberá exceder o 40% do salario mensual da unidade familiar).

Posibles cargas de taxas e impostos: IBI, lixo, auga, comunidade.

- **A seguridade xurídica da compra:**

- A importancia dunha nota rexistral: *¿cales son as cargas do inmoble?*

- A importancia de evitar o escurantismo de capitais.

- A importancia de elevar toda compra-venta a escritura pública ante notario e extremar as precaucións ante transaccións económicas previas.

En que consiste unha firma hipotecaria: oferta vinculante do banco e prazos, lectura da hipoteca ante notario, elevación a rexistro, etc.

- O IBI e o Catastro.


- **Asesoramento urbanístico.** O Concello debe enfocar o plan urbanístico a longo prazo e romper coas inercias das corruptelas e os pelotazos. Este plan debe ser coñecido, difundido e explicado e, ademais, a través desta Oficina, pódese dirixir o redireccionamento de suxestións e dúbidas que poidan ir xurdindo e todo o relativo ao informativo (para asuntos graves xa hai mecanismos de denuncia establecidos no noso marco legal e xurídico).

- **Formación e divulgación:** a Oficina promoverá a cultura da rehabilitación e revitalización do pobo, a creación de talleres divulgativos e incluso de charlas a cargo dos técnicos municipais ou técnicos acreditados relacionados co sector inmobiliario. Sempre sen esquecer que as competencias tamén abranguen ao rural onde os esforzos, a fin de promover un crecemento harmónico co agro e a gandería, son se cabe máis importantes.

Existen varios elementos que son de vital importancia:

- Competencia: a Oficina non é unha axencia inmobiliaria nin un axente bancario. Non se farán recomendacións de compra, non se intervirá nas compra-ventas e non se farán recomendacións sobre entidades financeiras. Non vemos obxección a un espazo gratuito onde os veciños poidan expor inmobles/terreos en venta a disposición doutros veciños nin que a que os bancos compitan entre eles achegando á Oficina as súas ofertas de financiamento.

- Os empregados deben firmar un claro código ético de libre adhesión e sen o cal non poderán traballar nesta Oficina no que se comprometan a cumprir todo o antes mencionado.



Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

A creación dunha Oficina Cidadá (de información e asesoramento) para a adquisición de vivenda.

### **13.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

#### **13.1.- ROGOS.-**

Formuladas de xeito verbal.

#### **GRUPO POPULAR.-**

##### **D. Xosé Crespo Iglesias:**

**ROGO.-** Á vista das últimas novas aparecidas sobre a alimentación de carnes frescas e carnes procesadas, pide que o Concello ou Sr. Alcalde se dirixa á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade para que realice aquelas actuacións que tendan a defender a gandería como motor económico deste Concello e da comarca, e solicite aclaracións e explicacións á Organización Mundial da Saúde (OMS).

**O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.**

##### **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey:**

**ROGO.-** Tendo en conta que hoxe houbo outra vítima da violencia de xénero, en concreto unha muller que morreu en Vigo, e sendo xa catro as persoas mortas neste ano en Galicia, pide que se faga un minuto de silencio en memoria das vítimas e como sinal de protesta contra a violencia machista.

**O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.**

#### **13.2.- PREGUNTAS.-**

Non houbo.

E, sendo as quince horas e seis minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.  
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.  
César López Arribas

